

## **Resolución reitoral do 10 de marzo de 2022, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas para a iniciación á investigación para alumnado de Máster (curso 2021-2022)**

A Universidade da Santiago de Compostela convocan bolsas de iniciación á investigación para alumnos/as matriculados nun Máster oficial da USC e que inician a súa andaina na investigación.

### **PRIMEIRA. Obxecto**

O obxectivo desta acción será a de fomentar e promover o acceso e a iniciación á investigación mediante a atracción de estudantado matriculados nun Máster oficial da USC no curso 2021-2022, e que demostraron un nivel de rendemento académico no grao, a través dun plan de formación básica en investigación, centrado nun traballo de investigación supervisado.

O programa de bolsas contará coa supervisión dunha persoa investigadora da Universidade de Santiago de Compostela.

### **SEGUNDA. Réxime xeral**

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela convoca, en réxime de concorrencia competitiva, **38 bolsas** de iniciación á investigación para alumnos matriculados non Máster Oficial na Universidade de Santiago de Compostela. A dotación orzamentaria das bolsas será de **199.500,00 €** con cargo á partida orzamentaria **8050-359B-64000**, sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria

### **TERCEIRA. Características das bolsas**

O importe da bolsa financiada polo Banco Santander será de **750 € mensuais** dos que deberán detraerse os custos sociais das mesmas.

Así mesmo, descontarase deste importe a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa beneficiaria, segundo o disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración destas bolsas será de **7 meses**, e o inicio da mesma será o primeiro día do mes seguinte ao da resolución definitiva de concesión, e sempre que a persoa beneficiaria entregara toda a documentación requirida para poder activar a súa alta indicada na base décimo coarta desta convocatoria.

O tempo de dedicación diaria non poderá exceder de catro horas.

Estas bolsas son incompatibles coa concesión doutras bolsas ou subvencións coa mesma finalidade, e só se poden desfrutar unha vez, sen que a mesma persoa poda volver a desfrutar desta axuda en vindeiras convocatorias, de ser o caso.

Esta axuda será incompatible con calquera contrato laboral activo na USC ou en calquera outra entidade pública ou privada. A persoa seleccionada deberá achegar unha declaración de incompatibilidade asinada, establecendo que no momento de aceptar dita axuda cumpre o establecido neste apartado.

O documento da declaración de incompatibilidade será facilitado previamente pola Vicerreitoría de Investigación e Innovación a través da Subárea de Convocatorias e de RRHH da Universidade de Santiago de Compostela ás persoas beneficiarias.

#### **CUARTA. Requisitos de participación e incompatibilidades**

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculados nun Máster oficial da USC no curso 21-22.
- No momento do inicio da percepción da súa bolsa a persoa beneficiaria non poderá ter ningún contrato laboral de carácter público ou privada.
- A partir do momento da resolución de concesión, e en todo caso anterior ao inicio da bolsa, a persoa beneficiaria deberá estar dada de alta na Seguridade Social.

Por parte do/a director/a do traballo de investigación:

- A dirección do traballo deberá estar a cargo dun PDI vinculado a un Grupo de Investigación da USC.
- Cada Grupo de Investigación só poderá apoiar a solicitude dunha bolsa de iniciación nesta convocatoria. A presentación de máis dunha solicitude visada polo/a mesmo/a coordinador/a do Grupo será motivo de exclusión de todas as solicitudes afectadas.

#### QUINTA. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes farase a través da **Sede Electrónica** da Universidade de Santiago de Compostela, empregando o formulario de solicitude dispoñible dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na solicitude deberá indicarse que desexa participar na convocatoria de bolsas de iniciación á investigación para alumnos de Máster curso 2021-2022. (Non é preciso achegar ningunha documentación no momento de realizar este rexistro).

Realizada a solicitude a través do rexistro electrónico da USC, deberán rematar o proceso cumprimentando os datos requiridos a través da **plataforma informática do Banco Santander** á que se accede desde a seguinte ligazón:

**<https://www.becas-santander.com/es>**.

A documentación que debe anexarse na plataforma do Banco Santander será a seguinte:

- **Informe da idoneidade** do traballo de investigación a realizar polo/a bolseiro/a consonte as liñas de investigación do Grupo de Investigación asinado polo persoa coordinadora do mesmo e pola persoa directora do traballo.
- Para o caso de estudantes que fixeran o grao noutra Universidade distinta da USC, **certificado do expediente académico coa nota media**.
- **Copia do Xustificante de presentación no rexistro electrónico da USC** da solicitude de participación. A non presentación deste xustificante será motivo de exclusión nesta convocatoria.
- Deberá indicar a **persoa responsable** o no seu defecto o **director do Departamento ou coordinador do grupo de investigación**.
- **Declaración responsable** manifestando que a documentación achegada e a información declarada é veraz e comprometéndose a achegar a documentación orixinal no caso de que lles fose requirida en calquera momento do proceso de selección ou durante o goce da bolsa. O incumprimento do requirimento dará lugar á exclusión da solicitude durante o proceso de selección ou ao reintegro da bolsa no caso de que a persoa resultase beneficiaria. O incumprimento do requirimento dará lugar á exclusión da solicitude durante o proceso de selección ou ao reintegro da bolsa no caso de que a persoa resultase

beneficiaria.

#### **SEXTA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes**

As bases e a convocatoria publicaranse no **Taboleiro Electrónico** da Universidade de Santiago de Compostela.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación no Taboleiro Electrónico e rematará **aos 10 días naturais** a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación.

#### **SÉTIMA. Criterios de selección e adxudicación das bolsas**

Co obxecto dun tratamento homoxéneo e obxectivo da nota media do expediente académico no proceso de concorrencia competitiva, o cálculo da ponderación efectuarase en relación á nota media da persoa solicitante coa nota media da titulación na súa universidade e a nota media de todas as universidades españolas.

A nota media do expediente académico para títulos obtidos en sistemas universitarios estranxeiros debe calcularse de acordo co disposto na Resolución do 18 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Ciencia e Innovación, pola que se actualiza a relación de escalas de cualificación dos estudos ou títulos universitarios estranxeiros e as equivalencias ao sistema de cualificación das universidades españolas, publicadas polas resolucións do 21 de marzo de 2016 e do 20 de xuño de 2016. A información pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-extranjeros/equivalencia-notas-medias.html>

Os que posúan acreditación de equivalencias de notas medias con estudos realizados no estranxeiro, ponderaranse coa nota media do conxunto de todos eles.

- [Información sobre notas ISCED General y nota media ISCED Universidad](#)
- [Información sobre notas ISCED de estudios extranjeros](#)

A nota media de selección resultante expresarase con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima, e, en caso de equidistancia, á superior.

#### **OITAVA. Instrución e tramitación do procedemento**

O órgano competente para a instrución do procedemento será a Vicerreitoría de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela.

Á vista das solicitudes presentadas, o órgano instructor realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

No caso de advertir que a documentación presentada é incompleta concederá un prazo de emenda de 3 días naturais ás persoas solicitantes. De non emendar os defectos nese prazo, procederá ao arquivo da solicitude.

Unha vez emendadas as deficiencias que se aprecien nas solicitudes, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación elevará a relación nominal de solicitantes xunto coa documentación á Comisión de Selección.

#### **NOVENA. Órganos de selección**

A Comisións de Selección será encargada de avaliar as diferentes solicitudes e de emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación, tendo en conta os requisitos xerais establecidos e os criterios de selección e adxudicación previstos na base Sexta.

O informe será remitido á Vicerreitoría de Investigación e Innovación e recollerá a ordenación de todas as solicitudes presentadas.

Constituirase unha comisión de selección que estará formada:

- **Presidente:** M<sup>ª</sup> Elvira López Mosquera, Adxunta á Vicerreitoría de coordinación do Campus de Lugo para investigación, transferencia e innovación.
- **Secretario:** Manuel Boquete Botana, Xefe da Subárea de convocatorias e RRHH.
- **Vogais:**
  - ✓ Dous representantes designado pola comisión de investigación delegada do Consello de Goberno.

#### **UNDÉCIMA. Proposta de resolución**

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación a través da Subárea de Convocatorias e de RRHH da Área de Xestión da Investigación á vista do informe da Comisión de Selección, formulará a proposta de resolución provisional que se publicará no **Taboleiro Electrónico** da Universidade de Santiago de Compostela e na **páxina Web da Vicerreitoría de Investigación e innovación**.

Abrirase un prazo de **3 días hábiles** a partir do día seguinte ao da publicación para presentar alegacións ou reclamacións á mesma.

Por tratarse dunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación poderá acordar a publicación da relación de solicitantes que constituirán a lista de agarda para o caso de que existan renuncias das persoas beneficiarias.

Rematado o prazo de alegación e reclamacións, e revisadas as mesmas publicarase no **Taboleiro Electrónico** da USC a listaxe de concesión definitiva de persoas beneficiarias.

Se algunha das persoas beneficiarias renunciase expresamente, ou non aceptase a axuda no prazo e forma establecido nesta convocatoria, a comisión de valoración a proposta do órgano instructor poderá acordar a concesión da axuda ao seguinte solicitante, seguindo a orde de puntuación, da listaxe de agarda.

#### **DUODÉCIMA. Aceptación e renuncia.**

Coa aceptación da bolsa, a persoa beneficiaria comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria e na Resolución definitiva de adxudicación das mesmas.

A aceptación ou renuncia deberase efectuar no prazo de **3 días naturais** desde o día seguinte á publicación da resolución definitiva de adxudicación das bolsas no taboleiro electrónico da USC. Se no prazo de **3 días naturais** non se recibise a aceptación da persoa adxudicataria, entenderase que renuncia á mesma.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda que, por renuncia das persoas adxudicatarias tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, realizaranse a través da conta de correo electrónico da USC, indicada na solicitude, con confirmación de entrega, e disporán dun prazo de 3 días naturais para aceptar a bolsa mediante algunha das formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncia.

Todas as baixas que se produciren antes de dous meses serán substituídas pola seguinte persoa da listaxe de agarda.

Calquera dúbida relacionada con esta convocatoria pode consultala a través do enderezo electrónico [recursoshumanos.programas@usc.es](mailto:recursoshumanos.programas@usc.es)

#### **DÉCIMOTERCEIRA. Obrigas das persoas beneficiarias**

A persoa beneficiaria comprométese a realizar a súa actividade investigadora seguindo as indicacións da persoa titora e a cumprir as normas internas vixentes no Centro de traballo, en especial aquelas relativas ás políticas preventivas de riscos nos lugares de traballo.

O incumprimento por parte da persoa beneficiaria dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

A persoa beneficiaria comprométese a presentar á persoa responsable da súa titorización, unha memoria das actividades realizadas (máximo 1000 palabras) para a súa conformidade, no prazo máximo de dez días naturais dende o remate da súas prácticas. A memoria deberá estar asinada pola persoa beneficiaria e pola persoa responsable da súa titorización, así como pola persoa supervisora da bolsa na Universidade de Santiago de Compostela.

#### **DECIMOCUARTA. Entrega de documentación**

As persoas beneficiarias das bolsas de acordo coa resolución definitiva, deberán entregar na Subárea de Convocatorias e de RRHH da Área de Xestión da Investigación con carácter previo ao inicio das prácticas formativas, a seguinte documentación:

- a) Copia do documento de identidade ou pasaporte.
- b) Número da Seguridade Social, que deberán solicitar no Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) no caso de non dispoñer del.
- c) Modelo 145 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) que se pode descargar no seguinte enderezo: Modelo 145.

([https://www.agenciatributaria.es/static\\_files/AEAT/Contenidos\\_Comunes/La\\_Agencia\\_Tributaria/Modelos\\_y\\_formularios/Declaraciones/Modelos\\_100\\_al\\_199/145/mod145\\_es\\_es.pdf](https://www.agenciatributaria.es/static_files/AEAT/Contenidos_Comunes/La_Agencia_Tributaria/Modelos_y_formularios/Declaraciones/Modelos_100_al_199/145/mod145_es_es.pdf))

- d) Código Conta Cliente da entidade bancaria onde queiran percibir a axuda.

Para entregar a documentación establecida anteriormente, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación a través da Subárea de Convocatorias e de RRHH da Área de Xestión da Investigación comunicará ás persoas beneficiarias como deberán achegar dita documentación, facéndolles chegar as instrucións pertinentes a través do correo electrónico que indicaron na súa solicitude.

**DECIMOQUINTA. Disposición derradeira**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, a 09 de marzo do 2022

O Reitor  
Antonio López Díaz